

**CIRCULAR INFORMATIVA 12/2018****1. IMPLANTACIÓN DO REXISTRO ELECTRÓNICO NA FICHA COLEXIAL DO SIGA**

A Xunta de Goberno, na sesión do pasado 21.06.2018, acordou habilitar a pestana Regtel (registro electrónico de entrada e saída do Colexio) na ficha particular de cada colexiado. A través desta nova opción os colexiados poderán acceder, por medio da sinatura electrónica, tanto aos documentos que entregaron no colexio (registro de entrada) como aos que lles foron remitidos dende el (registro de saída). O acceso a esta documentación é restrinxido e, como é lóxico, cada usuario unicamente pode visualizar a súa documentación. Esta nova funcionalidade está dispoñible dende este luns, 2 de xullo.

Así mesmo, estase a traballar na creación dun “taboleiro electrónico” na páxina web, que estará vinculado co dito registro do colexio. Este medio será utilizado para publicar aquelas notificacións que por calquera motivo fosen rexeitadas ou non recollidas pola persoa interesada.

Ante calquera dúbida ou aclaración ao respecto, poderase contactar co informático do colexio (Carlos Polo) ou co secretario técnico (Manuel Arza) no teléfono 81 581 713.

2. CIRCULAR DO CXAE SOBRE INSPECCIÓN DE TRABALLO: ALTA EN MUTUA/RETA

De acordo coa normativa vixente, os letrados deben atoparse dados de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda ou, de ser o caso, manter o seu ingreso nunha mutualidade de previsión social alternativa ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Na circular 120/2018, remitida polo Consello Xeral da Avogacía Española, infórmase de que nos últimos meses a Inspección de Traballo está levando a cabo actuacións de comprobación da citada obriga, polo que se recorda a necesidade de proceder ao seu cumprimento co fin de evitar posibles e importantes sancións económicas, amais doutras consecuencias colexiais non desexadas.

3. DÍA DA XUSTIZA GRATUÍTA E DA QUENDA DE OFICIO: 12 DE XULLO

Cada 12 de xullo celebramos o Día da Xustiza Gratuíta e da Quenda de Oficio, para defender e divulgar o labor realizado por máis de 45.300 avogados e avogadas de oficio, os 365 días do ano, a través dos servizos de asistencia xurídica gratuíta e quenda de oficio.

O Consello Xeral da Avogacía Española remitiu ao Colexio material divulgativo deste día (camisetas, bolsas, cartelaria...), que xa está dispoñible para os colexiados e colexiadas nas oficinas de Eduardo Pondal e das Fontiñas.

Máis información en: <https://www.abogacia.es/site/ddia-de-la-justicia-y-el-turno-de-oficio/12j/>

